



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 12 de abril de 2023 por el que se aprueba la convocatoria de ayudas para promover el bienestar y el autocuidado de personas cuidadoras de personas dependientes en el ejercicio 2023

BDNS (Identif.): 687612

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/687612>)

Primero. Personas beneficiarias.

Podrán ser beneficiarias de las ayudas recogidas en la presente convocatoria las personas que reúnan todos los requisitos siguientes:

- a) Que declaren tener la condición de personas cuidadoras de personas dependientes que tengan reconocido un grado III de dependencia y que estén atendidas por el servicio de ayuda a domicilio municipal, en su modalidad de dependencia, de acuerdo con la correspondiente resolución del programa individual de atención (PIA) de dependencia.

No se considerará como persona beneficiaria de estas ayudas a aquellas personas que puedan declararse como cuidadoras de personas dependientes de grado III con resolución de otros recursos o libranzas del sistema de dependencia diferentes del servicio de ayuda a domicilio municipal, en su modalidad de dependencia.

- b) Dispongan de DNI o NIE.
- c) Que figure empadronada en el ayuntamiento de A Coruña en el mismo domicilio que la persona dependiente a la que se refieren los cuidados, según lo señalado en el apartado anterior a) de la base 5.1.
- d) Que se encuentren al corriente de sus obligaciones fiscales con la Agencia Estatal de la Administración Tributaria (AEAT), con el Ayuntamiento de A Coruña, así como con la Tesorería General de la Seguridad Social. No obstante, teniendo en cuenta que el importe de estas ayudas es inferior a 3.000 euros y, de acuerdo con lo previsto en el artículo 24 del Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, esta circunstancia podrá acreditarse mediante la declaración responsable de la persona solicitante, que sustituirá a la presentación los certificados correspondientes. Está declaración responsable tendrá validez para todas las fases del procedimiento, incluida la fase de justificación de las ayudas.

Segundo. Objeto.

Es objeto de esta convocatoria regular la concesión de ayudas económicas para el pago de servicios destinados a promover el bienestar y el autocuidado de las personas cuidadoras de personas dependientes que tengan reconocido un grado III de dependencia y que estén atendidas por el servicio de ayuda a domicilio municipal, en su modalidad de dependencia, de acuerdo con la correspondiente resolución del programa individual de atención (PIA) de dependencia.

Tercero. Bases reguladoras.

Ordenanza General de Subvenciones del área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por el Excmo. Ayuntamiento en Pleno en sesión celebrada en fecha 11 de abril de 2005 (B.O.P de A Coruña número 92 de 25/04/2005).

Cuarto. Cuantía

El crédito total destinado a esta convocatoria es de doscientos cincuenta mil euros (250.000,00 €), que se imputarán a la aplicación presupuestaria 51.231.489.00 de los presupuestos municipales para el año 2023.

La ayuda individual consistirá en una aportación económica máxima de 500,00 € a cada persona beneficiaria de la ayuda que reúna los requisitos previstos en la base 5 de esta convocatoria.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes podrán presentarse desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la presente convocatoria en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña hasta el 15 de septiembre de 2023.

Sexto. Otros datos.

Compatibilidad con otras ayudas.

Esta subvención es compatible con cualquiera otra subvención otorgada por otras instituciones o entidades, públicas o privadas.

En ningún caso el importe de las ayudas concedidas al amparo de esta orden podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones o ayudas, supere el coste del servicio recibido.

Forma de pago.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 34 de la Ley General de Subvenciones y la Ordenanza general de subvenciones de Bienestar, dadas las características de la convocatoria y la cancelación de los créditos en la aplicación a 31 de diciembre del año 2023, para facilitar la financiación de los gastos vinculados al objeto de la convocatoria, se acordará, de oficio, el pago anticipado de todas las subvenciones otorgadas.

A Coruña

12/4/2023

La concejala - secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, Diana María Sobral Cabanas

Extracto do Acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2023 polo que se aproba a convocatoria de axudas para promover o benestar e o autocoidado de persoas coidadoras de persoas dependentes no exercicio 2023**BDNS (Identif.): 687612**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/687612>)

Primeiro. Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das axudas recollidas na presente convocatoria as persoas que reúnan todos os requisitos seguintes:

- a) Que declaren ter a condición de persoas coidadoras de persoas dependentes que teñan recoñecido un grao III de dependencia e que estean atendidas polo servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia, de acordo coa correspondente resolución do programa individual de atención (PIA) de dependencia.

Non se considerará como persoa beneficiaria destas axudas a aquelas persoas que poidan declararse como coidadoras de persoas dependentes de grao III con resolución doutros recursos ou libranzas do sistema de dependencia diferentes do servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia.

- b) Dispoñan de DNI ou NIE.

- c) Que figure empadroadada no concello da Coruña no mesmo domicilio que a persoa dependente á que se refiren os coidados, segundo o sinalado no apartado anterior a) desta base 5.1.

- d) Que se atopen ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello da Coruña, así como coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. Con todo, tendo en conta que o importe destas axudas é inferior a 3.000 euros e, de acordo con o previsto no Artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, esta circunstancia poderá acreditarse mediante a declaración responsable da persoa solicitante, que substituirá á presentación os certificados correspondentes. Está declaración responsable terá validez para todas as fases do procedemento, incluída a fase de xustificación das axudas.

Segundo. Obxecto.

É obxecto desta convocatoria regular a concesión de axudas económicas para o pagamento de servizos destinados a promover o benestar e o autocoidado das persoas coidadoras de persoas dependentes que teñan recoñecido un grao III

de dependencia e que estean atendidas polo servizo de axuda no fogar municipal, na súa modalidade de dependencia, de acordo coa correspondente resolución do programa individual de atención (PIA) de dependencia.

Terceiro. Bases reguladoras.

Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Excmo. Concello en Pleno, na sesión do día 11 de abril de 2005 (B.O.P da Coruña número 92 de 25/04/2005).

Cuarto. Contía

O crédito total destinado a esta convocatoria é de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.489.00 dos orzamentos municipais para o ano 2023.

A axuda máxima individual consistirá nunha achega única de 500,00 € a cada persoa beneficiaria da axuda que reúna os requisitos previstos na base 5 da convocatoria.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes poderán presentarse dende o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín oficial da provincia de A Coruña ata o 15 de setembro de 2023.

Sexto. Outros datos.

Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, supere o custo do servizo recibido.

Forma de pagamento.

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e a Ordenanza xeral de subvencións de Benestar, dadas as características da convocatoria e a cancelación dos créditos na aplicación a 31 de decembro do ano 2023, para facilitar o financiamento dos gastos vinculados o obxecto da convocatoria, acordarase, de oficio, o pagamento anticipado de todas as subvencións outorgadas.

A Coruña

12/4/2023

A concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, Diana María Sobral Cabanas

2023/2800